

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EMPRESA XXXX E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Santiago de Compostela, o de de 200_

REUNIDOS

Dunha parte o vicerrector de Organización Académica e Profesorado don Cástor Méndez Paz, en representación da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Da outra don , en calidade de da empresa XXXX.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorga-lo presente convenio e, para os efectos

MANIFESTAN:

Que a Universidade de Santiago de Compostela, dedicada a actividades de docencia e investigación, ten a vontade de facilitar ós alumnos da Universidade unha formación práctica que lles permita ter unha alternancia coa formación teórica, e á súa vez, lograr a súa mellor cualificación e futura adaptación á realidade social.

Que a empresa XXXX aquí representada ten interese en participar e colaborar na formación práctica da Universidade

En consecuencia, por proposta do Consello Social, acordan formaliza-lo presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Que a empresa XXXX se compromete a colaborar coa Universidade a través do seu Consello Social, facilitando ós alumnos a realización de prácticas que lles permitan completa-la formación recibida nas aulas, de acordo coas seguintes normas:

- a) Poderán participar nestas prácticas os alumnos que no momento da solicitude teñan superado o 50% dos créditos necesarios para obte-lo título universitario das ensinanzas que estean cursando e que no momento da asignación non obtivesen a dita titulación. No caso de tratarse de planos de estudio non renovados, os estudantes deberán atoparse nos dous últimos anos de carreira (primeiro ciclo aprobado).

- b) O Consello Social levará a cabo o rexistro dos alumnos que opten á realización das prácticas, trala formalización da inscrición nas súas dependencias.
- c) A empresa Xx xx definirá as áreas ou departamentos onde os estudantes poderán face-las prácticas, designará un titor en cada unha delas e supervisaraas.
- d) O tempo de realización das prácticas será como máximo de 500 horas por curso escolar.
- e) Nos planos de estudio renovados que contemplan créditos de libre configuración poderán ser imputados como tales as horas realizadas (30 horas/1 crédito), trala oportuna formalización.
- f) Ó finalizar, o alumno terá dereito a dúas certificacións: unha que acredite o contido e tempo das prácticas e outra para que proceda o recoñecemento de prácticas en empresas pola USC.
- g) Establecerase unha Comisión de Seguimento, formada por dous representantes da empresa Xx xx e dous representantes designados polo Consello Social, encargada do control e seguimento das prácticas.
- h) A relación entre a empresa Xx xx e o alumno non ten vinculación laboral ningunha.
- i) Aqueles alumnos que teñan menos de vinteito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Segunda.- A duración do presente convenio será de dous anos, e prorrogarase automaticamente, salvo denuncia que deberá ser comunicada cun prazo mínimo de dous meses de antelación á data de finalización da súa vixencia.

Despois de lero ámbalas dúas partes, e en proba de conformidade, asinan e outorgan por duplicado exemplar, na cidade e data arriba indicados.

POLA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

POLA EMPRESA

Cástor Méndez Paz